

MONTERO DOMÍNGUEZ, Xoán (ed.) (2019): *Intérpretes de cine. Análisis del papel mediador en la ficción audiovisual*. Berlín: Peter Lang, 206 pp.

No ano 2019 saíu á luz *Intérpretes de cine*, unha monografía editada da man do doutor en Tradución e Interpretación Xoán Montero Domínguez e publicada pola editorial Peter Lang na colección “Studien zur romanischen Sprachwissenschaft und interkulturellen Kommunikation”.

A presente obra, conformada por un total de doce capítulos, recolle as análises de diversos especialistas no campo da tradución e interpretación a respecto da figura do intérprete e do seu papel mediador nunha escolma de producións cinematográficas que inclúe pezas comprendidas entre os inicios da sétima arte e a actualidade.

En cada un dos traballos que compoñen este volume abórdase con especial interese o estudo da representación nos filmes de certos aspectos relativos á devandita profesión, tales como a tipoloxía dos actos interpretativos que se levan a cabo neles ou as distintas situacións comunicativas nas cales se require a presenza desta figura.

No primeiro dos mencionados capítulos, o doutor Fernández Ocampo analiza o modo en que se representa o intérprete dende un punto de vista social e iconográfico no filme *French interpreter policeman* (1908) –o cal está considerado como un dos primeiros produtos audiovisuais en que pode observarse a presenza desta profesión–, poñéndoo en relación co “fecundo” período da historiografía da tradución comprendido entre a segunda metade do século XIX e o primeiro terzo do século XX.

No seu traballo, o doutor Neal Baxter céntrase especialmente na descrición da imaxe que transmiten as intérpretes que tomaron parte nos xuízos de Núremberg na película *¿Vencedores o vencidos?* (1961) e, alén diso, destaca o forte impacto da introdución da modalidade de interpretación simultánea nestes procesos, que foron de grande importancia para a historia do dereito prohumanitario internacional.

O doutor Montero Domínguez ocúpase, no seu capítulo, da análise da profesionalidade dos intérpretes que figuran na comedia *El gen-darme en Nueva York* (1965). Con este obxectivo, selecciona varias escenas nas cales se poden observar diferentes técnicas interpretativas –simultánea, bilateral, consecutiva e tradución á vista– e comproba posteriormente se os personaxes que desenvolven este labor posúen as aptitudes necesarias para ser considerados profesionais neste campo.

Pola súa parte, a doutora Santamaria Guinot analiza a dobraxe ao castelán peninsular das intervencións de intérpretes non profesionais presentes en cinco filmes de tres directores distintos, as cales se refiren nomeadamente a diálogos onde se empregan diferentes dialectos do inglés e calquera das variedades do castelán. A este respecto, destaca o feito de que moitos destes actos interpretativos tenden a eliminarse coa súa dobraxe e mesmo o propio sentido dos diálogos orixinais pode verse modificado, o que ocasiona unha perda do carácter multilingüista que caracteriza os devanditos filmes.

O capítulo da profesora Mascuñán Tolón céntrase no personaxe do intérprete acompañante e salienta a importancia da súa presenza na película *La niña de tus ojos* (1998) para a visibilización desta profesión. Entre outros aspectos, faise referencia á calidade das intervencións, ás distintas técnicas empregadas e aos contextos e situacións comunicativas en que se desenvolve este labor no filme, o cal pode resultar de grande utilidade na didáctica da interpretación para aproximarse á figura do *escort interpreter*, pouco cultivada na literatura sobre este campo.

A doutora Pérez López expón no seu traballo un estudo sobre a imaxe da protagonista da película *La intérprete* (2005), poñéndoa en relación coa visión que xera no espectador a representación desta profesión na obra. Alén diso, a autora ofrece unha aproximación ao

funcionamento do servizo de interpretación da ONU e ao seu código deontolóxico, do cal se serve para analizar até que punto se respectan os artigos que o conforman na amentada produción cinematográfica.

Á súa vez, a doutora Molina recorre a dúas películas, *En tierra hostil* (2008) e *La noche más oscura* (2012), para estudar a figura do intérprete en zonas de conflito e o modo en que se mostra o seu idioma, que nestes casos se trata do árabe. O mencionado traballo abórdase desde unha perspectiva traditolóxica e tenta analizar se a presenza tanto da “lingua do outro” como da propia figura do intérprete reciben a súa debida importancia neste tipo de filmes.

A doutora Domínguez Araújo, pola súa parte, presenta unha análise da profesión do intérprete no filme *Je l'aimais* (2009), o cal constitúe unha verdadeira fonte de información sobre a interpretación de enlace no ámbito empresarial, xa que se tratan nel diversas cuestións de carácter profesional tales como os prexuízos de xénero e idade, a “neutralidade” do labor interpretativo ou a importancia do contexto.

No capítulo do doutor Bourgoïn Vergondy analízanse metodoloxicamente os actos interpretativos presentes na peza cinematográfica *Flor del desierto* (2009), os cales poden encuadrarse dentro da denominada Tradución e Interpretación en Medio Social (TIMS). Para levar a cabo o seu estudo, o autor recorre aos tres niveis de análise definidos polo grupo de investigación Tradución & Paratradución da Universidade de Vigo, grazas aos cales pode observarse que neste tipo de situacións comunicativas os elementos que se atopan á marxe do discurso posúen a mesma importancia que o propio discurso.

O doutor Ferreiro Vázquez sérvese, no seu traballo, da longametraxe *Rouge Brésil* (2012) para expor algúns dos métodos empregados para o recrutamento de intérpretes durante a tentativa francesa de establecer unha colonia no Brasil a mediados do século XVI. Así mesmo, analízanse neste capítulo as características máis salientábeis da figura do intérprete como mediador entre os europeos e os pobos orixinais no contexto da expansión ultramarina levada a cabo polas potencias coloniais.

No seu traballo, a doutora Fernández Soñeira céntrase nos intérpretes de lingua de signos, un papel que na maioría das comunidades signantes foi asumido por membros bilingües

desas comunidades, a pesar de que hoxe esta figura conta xa cun perfil profesional. A partir do estudo do caso do filme *La familia Béliet* (2014), a autora tenta reflectir a falta de profesionalización dos intérpretes no cinema, así como reflexionar sobre a presenza das linguas de signos no audiovisual actual.

Por último, os doutores Alonso Bacigalupe e Romero Fresco conclúen a monografía co seu capítulo sobre a película de ficción científica *La llegada* (2016), na cal a propia interpretación adquire un verdadeiro protagonismo na trama xunto co problema da comunicación intercultural. Alén de analizar o rigor das formulacións científicas da obra, os autores describen a imaxe dos profesionais da tradución e interpretación que transmite o filme e os problemas que derivan da comprensión do outro na mediación comunicativa.

A respecto do público obxectivo do presente volume, este está dirixido principalmente a persoas especialistas no campo da tradución e interpretación e con interese polo ámbito audiovisual e do cinema. Porén, destaca tamén a utilidade didáctica que a obra pode posuír para o alumnado de interpretación e de tradución audiovisual, xa que, como se mencionou con anterioridade, se tratan nela certos aspectos de carácter profesional que poden resultar informativos e de proveito para este colectivo.

Cómpre mencionar, ademais, que algúns dos capítulos que compoñen o libro contan con certos recursos paratextuais que se presentan en forma de táboas, ilustracións ou mesmo capturas dalgunhas das escenas das producións cinematográficas ás que se refiren. Estes elementos visuais, aínda que non moi numerosos, contribúen a exemplificar a información ofrecida e facilitan a comprensión da imaxe do intérprete que se pretende mostrar en cada caso.

Estamos, pois, ante unha obra atractiva e innovadora no panorama da literatura sobre interpretación, que destaca non só pola súa orixinalidade senón tamén pola variedade das perspectivas de análise a respecto da figura do intérprete e da relación entre cinema e interpretación que nela se presentan. Alén diso, a monografía salienta tamén pola súa cuidada edición e pola calidade científica dos capítulos que a conforman.

Á marxe, ao público lector do volume que coñeza tamén algunhas das pezas audiovisuais analizadas seralle certamente grato encontrar nesta obra análises tan pormenorizadas como as que aquí se presentan, nas cales poderá

descubrir certos aspectos sobre os protagonistas dos filmes e o seu labor como intérpretes que quizais pasase por alto durante o seu visionamento.

En definitiva, *Intérpretes de cine* constitúe unha achega máis que recomendábel para a comunidade científica en materia de cinema e interpretación e que contribúe a pór en valor a figura do intérprete no ámbito da produción cinematográfica, no cal, como se viu, está presente xa dende os seus mesmos comezos.

Iago Nicolás Ballesteros  
iagonicolasb@gmail.com